

Por orde do Sr. Reitor, teño a honra de convocalo á sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade da Coruña

Día: 26 de xuño do 2013

Hora: 9:00 h en primeira convocatoria e 9:30 h en segunda convocatoria

Lugar: Sala do Consello de Goberno (2º andar da Reitoría). A Maestranza nº 9

ORDE DO DÍA

1. Informe do Reitor
2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 28 de maio de 2013
3. Contratos e convenios
4. Elección de un representante dos estudantes no Consello Social
5. Aprobación, se proceder, do Manual de avaliación da actividade docente do profesorado Docentia
6. Aprobación da IV Convocatoria Docentia
7. Aprobación da Normativa de permanencia
8. Proposta convocatoria prazas de PDI contratado curso académico 2013/14
9. Proposta de cambio de dedicación curso académico 2013/14
10. Proposta de cambio de departamento e área de coñecemento
11. Proposta de anos sabáticos curso académico 2013/14
12. Proposta de prórroga profesor emérito
13. Proposta de nomeamento e prórroga de profesores/as honorarios/as
14. Proposta excedencia temporal segundo o establecido no artigo 83.3 da LOU
15. Proposta de autorización licenzas
16. Quenda aberta de intervencións

A documentación dos anteriores puntos está ao seu dispor no repositorio institucional habilitado a tal efecto para todos os membros do Consello de Goberno no seguinte enderezo:

<https://documenta.udc.es/share/page/repository>

Para acceder á carpeta do Consello de Goberno, os usuarios autorizados deberán introducir as súas claves corporativas.


Para o punto 4 da Orde do Día, o procedemento será o seguinte:

- Presentación de candidaturas: até as 9:30 h do día 26 de xuño na Secretaría Xeral (correo electrónico, secretariaxeral@udc.es)
- Proclamación provisoria: ás 10:00 h
- Reclamacións: até as 10:30 h
- Proclamación definitiva: ás 11:00 h
- Votación, se proceder: ás 11:30 h
- Escrutinio e proclamación provisional de persoas candidatas electas: ás 12:15 h
- Reclamacións: até as 13:00 h
- Proclamación definitiva de persoas candidatas electas: ás 13:30 h

Lémbrese aos membros do Consello de Goberno que poden estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dura a sesión.

A Coruña, 20 de xuño do 2013

O secretario xeral



Carlos Amoedo Souto